

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, e mediante Resolución 2017-0215 de data 07.12.2017, aprobouse a lista de aspirantes admitidos para participar no proceso selectivo dun/ha arquitecto en réximen laboral temporal.

Con data 01.12.2017 e rexistro de saída do Rexistro da Oficina Comarcal do Mar en Ribeira 1217/RX1717465 remitise solicitude para participar nas probas de selección dun arquitecto/a no Concello de Muras; solicitude que non chegou ata o Concello ata o 12 de decembro de 2017. Error que non debe asumir a interesada xa que é da propia Administración.

Doutra banda, visto o erro na composición do tribunal cualificador para selección dun/ha arquitecto para desenvolvemento de traballos segundo o proxecto de emprego incluído no Plan Único da Excma. Deputación provincial de Lugo 2017, do Concello de Muras

De acordo co establecido na base 4ª da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia RESOLVO:

PRIMEIRO.- Incluir á aspirante á praza de arquitecto/a a dona María Montero González, de tal xeito que a lista definitiva queda do seguinte xeito:

a) Admitidos:

Apelidos e nome	Data presentación
EIJO VALLE, LUIS	27.11.2017
FERNANDEZ CONSTENLA, LUCIA	01.12.2017
MONTERO GONZALEZ, MARIA	01.12.2017
PALEO MOSQUERA, SOFIA	27.11.2017
PEREZ GARCIA, LUCÍA	24.11.2017
SALVADOR POTENTE, MARIA DEL PILAR	01.12.2017

SEGUNDO.- Publicar a relación definitiva de admitidos no Taboleiro de Anuncios do Concello. Así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.muras.gal

TERCEIRO.- Correxir o erro na composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo o cal está composto polas seguintes persoas:

Presidente: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Secretario: D. José Orosa Gonzalez, funcionario Administración Local

Vogais: D. Dámaso Gumersindo Pico Balsa, persoal laboral Administración Local.

D. Sandra Pardo Vazquez, Funcionaria Habilitación caracter Nacional.

Dona Berta Vellón Vellón, funcionaria de Administración Local.

CUARTO.- Facer pública a presente resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web. Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)